

LETRAS GALEGAS

2019

Antón Fraguas



ADICOU A SÚA VIDA Ó ESTUDO E DEFENSA DE GALICIA

Antón Fraguas nace o 28 de decembro de 1905 en Cerdedo-Cotobade (Pontevedra). En 1928, ano da súa licenciatura, formaba parte do Seminario de Estudos Galegos nas seccións de Etnografía, Folclore e Xeografía. Fíxose mestre en 1933, sendo represaliado e obrigado a abandonar o seu posto durante a guerra.

Entre 1943 e 1950 volveu á Universidade e obtivo a cátedra de Instituto, ademais de ser director da sección de Etnografía e folclore do Instituto de Estudos Galegos Pai Sarmiento. En 1951 pasa a formar parte da Real Academia Galega, ocupando o asento de Castelao. Dirixiu o Museo do Pobo Galego dende a súa fundación ata a súa morte.

En 1984 recibiu a medalla Castelao e no ano 1995 a medalla das Artes e das Letras de Galicia.

Faleceu en Santiago de Compostela o 5 de novembro de 1999.